

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE EDIFICACIÓN DO CENTRO DE CIBERSEGURIDADE DE GALICIA, COFINANCIADO NO MARCO DO EIXO REACT UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **Dona Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, **Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo**, en calidade de directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con domicilio social no Gaiás - Cidade da Cultura de Galicia, provista de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.) G-15721640, cargo para o que foi nomeada o día 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función



das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación, acordo elevado a escritura pública en data de 19 de decembro de 2016, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Héctor R. Pardo García, co núm. do seu protocolo 1.689.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, Jose Antonio Montero Pardo, co número 2825 do seu protocolo. Está constituída como "organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución".

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a fundación como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro do 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

A fundación ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia" (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico, deseñado por Peter



Eisenman, situado no Monte Gaiás de Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viarios e zonas verdes.

Segundo o artigo 6 dos estatutos constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

[...] b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.[...]

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.[...]

[...] g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios

**Xacobeo 2021**

estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."

Segundo.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), que foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A AMTEGA é unha axencia pública autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que ten como obxectivos básicos a *"definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico"*.

Terceiro.- A AMTEGA inclúe dentro da súa estrutura orgánica, definida no Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, a Área de Infraestruturas e Seguridade, que ten encomendada "a definición de estándares, directrices e normas de seguridade e calidade tecnolóxicos aos cales deberán axustarse todos os órganos dependentes da Xunta de Galicia". Dentro de dita Área englobase a Subárea de Seguridade, que ten encomendadas as funcións de "definición, dirección e xestión das políticas corporativas de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais da Administración da Comunidade Autónoma", "deseño e realización de accións encamiñadas a garantir o cumprimento da normativa vixente en



materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma", así como a "planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma".

Na actualidade, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade. Ademais, están proliferando os riscos de ciberseguridade aos que están expostas as organizacións, derivados da ampla expansión das TIC a todos os ámbitos e a permanente e ubicua conexión a Internet, o que facilita a posibilidade de ataques.

Estes riscos de seguridade afectan ás administracións públicas (local e autonómica), así como á cidadanía e empresas, no ámbito do territorio galego.

A Amtega asinou en 2019 un convenio con Incibe (Instituto Nacional de Ciberseguridade) e en 2020 un convenio co CCN (Centro Criptolóxico Nacional), para a colaboración en materia de ciberseguridade con estes organismos.

En xullo de 2020 asinouse un convenio de colaboración para a posta en marcha do nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal, estrutura de colaboración en materia de ciberseguridade entre os diferentes axentes do sector no ámbito territorial de Galicia. O convenio asinouse entre a FEGAMP, as catro deputacións, Incibe, CCN e Amtega.

A Xunta de Galicia, por medio da Amtega, precisa dispoñer de espazos físicos suficientes para poñer en marcha o Centro de Ciberseguridade de Galicia, co obxectivo de utilizar esa infraestrutura física para a prestación de servizos especializados en seguridade da



información e ciberseguridade dirixidos ás administracións públicas (administración local e autonómica), cidadanía e empresas no ámbito territorial de Galicia; en coordinación coas entidades competentes a nivel nacional (CCN e Incibe) e coas entidades ás que se prestarán os servizos. Todo isto no contexto do nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal.

Este novo edificio utilizarase para prestación de servizos como por exemplo:

- formación e concienciación en materia de seguridade da información
- monitorización de alertas de ciberseguridade e resposta a incidentes de ciberseguridade
- asesoramento normativo en materia de ciberseguridade e protección de datos persoais
- auditorías de ciberseguridade e protección de datos persoais, vixilancia dixital, asesoramento técnico en materia de ciberseguridade, etc.

O edificio utilizarase tamén co obxectivo de fomentar a I+D+i e o emprendemento no ámbito da ciberseguridade, nun modelo de colaboración público-privada.

As razóns expostas fan que se considere de interese público abordar, á maior brevidade posible, a edificación dun centro de ciberseguridade para Galicia en terreos da Cidade da Cultura de Galicia, aproveitando a proximidade coa sede da AMTEGA, e, igualmente, a necesidade de dar solución arquitectónica á estrutura de formigón á vista xa existente, colindante co Xardín do Teatro, e anexa ao edificio da Biblioteca de Galicia, e que permanece inacabada desde a paralización definitiva da edificación do denominado Teatro da Música.



Tendo en conta todo o anterior, a AMTEGA e a Fundación Cidade da Cultura, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento deste proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Amtega e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para o financiamento das obras e execución da construción do edificio para albergar o Centro de Ciberseguridade de Galicia, aproveitando a estrutura xa existente no recinto do Xardín do Teatro da Cidade da Cultura de Galicia, que contará cunha superficie útil aproximada de 1.500 m², de acordo co Programa de necesidades que a tal efecto achegue a AMTEGA, así como a redacción do proxecto, dirección facultativa, control de seguridade e saúde, control de calidade e execución de obra. A redacción do proxecto de execución deberá axustarse ao entorno e espazo dispoñibles.

Segunda.- Obrigas das partes

1.- Obrigas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

- Definir os proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas no programa de necesidades facilitados pola Amtega.



- Licitar a execución dos proxectos, a través dos procedementos de contratación que correspondan.
- Realizar o seguimento da execución das obras.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de inexecución total o parcial das actuacións obxecto do presente convenio, sen prexuízo do establecido na cláusula terceira.
- En atención aos fondos que financian as actuacións do presente convenio, realizar as actuacións necesarias para garantir o mantemento do destino do produto das actuacións previstas neste convenio cando menos durante un prazo de cinco anos a contar desde o último pagamento e recepción da obra, axustándose en todo caso ao establecido na normativa reguladora dos fondos que financian as ditas actuacións.
- Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste convenio

2.- Obrigas da AMTEGA

A AMTEGA obrígase a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira do presente convenio.
- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na cláusula primeira para o desenvolvemento do presente convenio.



- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións.
- Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste convenio

As partes comprométense a realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste convenio.

Terceira.- Financiamento

A AMTEGA financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente convenio por un importe estimado de 3.200.000,00€ con cargo ao seu orzamento para os anos 2021 e 2022 conforme á seguinte distribución por anualidades:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2021	2022	TOTAL
04A1 571A 622.0	800.000 €	2.400.000 €	3.200.000,00 €

Este importe corresponde á estimación do orzamento de execución das obras, incluído a redacción do proxecto, dirección facultativa, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, así como os ensaios e probas que resulten necesarios. O importe exacto determinarase unha vez redactado o proxecto. En calquera caso a aprobación de revisións ou modificacións dos contratos precisarán a conformidade previa da Amtega.

As actuacións obxecto deste convenio poderán ser susceptibles de financiamento no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a Amtega, mediante a incorporación deste convenio formalizado e certificado de existencia de crédito e retención correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos da Amtega

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva, previa certificación e xustificación pola Fundación Cidade da Cultura das actuacións levadas a cabo. O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade conveniada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da área competente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, no seu caso, comprobación material do investimento.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia xustificará os investimentos realizados nas actuacións definidas na cláusula primeira, mediante certificación emitida pola directora xerente da entidade ou polo director económico-financeiro á finalización de todas as actuacións previstas. Esta certificación quedará ao obxecto de comprobación e aceptación por parte da AMTEGA. A realización das actividades e/ou actos e negocios xurídicos necesarios para a execución dos traballos deste convenio por parte da fundación efectuarase a título gratuito, sen que exista retribución ou tarifa.



Os remanentes derivados da adxudicación dos respectivos contratos, aplicaranse, de ser o caso, ate o límite do previsto no presente convenio, para resolver incidencias que poidan ocorrer durante a construción do edificio, e, no seu caso, para o mobiliario e equipamento do edificio que acorden as partes na Comisión de Seguimento.

A AMTEGA, en calquera caso, comprométese a efectuar as modificacións orzamentarias que correspondan, previa tramitación da correspondente addenda ao presente convenio, para o recoñecemento e posterior pagamento dos importes que deriven, nos casos de que o acumulado dos importes que resulten da redacción do proxecto, dirección facultativa, control de seguridade e saúde, control de calidade, execución de obra, superen as contías incorporadas no presente convenio.

Cuarta.- Protección de datos

1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPDP). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes



públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunica-la, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga-ción de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

**Xacobeo 2021**

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

Quinta.- Comisión de Seguimento.

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da AMTEGA, e actuará como secretario un dos representantes da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.



A comisión reunirase en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse tantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Resolución e modificación do convenio

O presente convenio poderá ser resolto por acordo de ambas as partes ou por decisión unilateral de unha delas, motivada polo incumprimento das súas obrigas pola outra parte, o que deberá comunicarse á outra con tres meses de antelación.

En caso de non execución das actuacións, a Fundación restituirá as cantidades achegadas pola AMTEGA.

Así mesmo, serán causas de resolución a decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio e o transcurso do prazo da súa vixencia sen que se teña acordado a súa prórroga.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.



Sétima.- Discrepancias

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sexta, resolveranse polo procedemento previsto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Oitava.- Vixencia

O presente convenio terá efecto desde o momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo das posibles prórrogas que poidan acordarse, nos termos establecidos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Novena.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Décima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo primeira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha



notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados no encabezado.

A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

A directora xerente da Fundación
Cidade da Cultura de Galicia

Mar Pereira Álvarez

Ana Isabel Vázquez Reboredo

